

CEIP de
QUIROGA

PAT

PLAN DE
ACCIÓN
TITORIAL

PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL.

ÍNDICE:

- 1. MARCO LEGAL**
- 2. MARCO TEÓRICO-CONCEPTUAL. PAT**
- 3. CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS DO CENTRO**
- 4. OBXECTIVOS DA ACCIÓN TUTORIAL**
- 5. FUNCIONS DO TITOR/A**
- 6. NECESIDADES DO CENTRO E OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL**
 - 6. 1.- Obxectivos específicos**
 - 6.1.1.- Educación Infantil.
 - 6.1.2.- Educación Primaria
- 7. CONTRIBUCIÓN DA ACCIÓN TUTORIAL AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVES.**
- 8. ACTIVIDADES/ TEMPORALIZACIÓN.**
 - 8.1. Actividades/temporalización. 2º Ciclo de Ed. Infantil**
 - 8.2. Actividades/temporalización Educación Primaria.**
- 9. AVALIACIÓN.**
- 10. ANEXOS: Documentos de tutoría**

1. MARCO LEGAL:

1.1.- Referencias legais

1. Decreto 374/1966, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG 21/10/1996)
2. Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria (DOG 02/09/1997)
3. Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
4. LEI ORGÁNICA 2/2006, de 3 de maio, de Educación. LOE
5. Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
6. LEI ORGÁNICA 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. LOMCE.

1.2.- Extracto de contidos

A Lei Orgánica de Educación (LOE) modificada pola Lei Orgánica 8/2013 de Mellora da Calidade educativa (LOMCE) seguen as liñas establecidas polas súas precursoras, LOXSE (1990) e LOCE (2002) que facían referencia á orientación e á titoría como elementos que favorecen a calidade da ensinanza e a súa mellora.

Así mesmo, na LOE no seu artigo 18 “no conxunto da etapa de Ed. Primaria, a Acción Titorial orientará o proceso educativo individual e colectivo do alumnado”.

A LOE-LOMCE no seu artigo 91o,1c) recolle entre as funcións do profesorado: “a titoría dos alumnos, a dirección e a orientación da súa aprendizaxe e o apoio no seu proceso educativo, en colaboración coas familias”

No artigo 14 do Decreto 130/2007 polo que se establece o currículo de Ed. Primaria sinala *“Na educación primaria, a acción titorial orientará o proceso educativo individual e colectivo do alumnado, sen prexuízo das competencias e a necesaria coordinación, se é o caso, co Departamento de Orientación”*.

Artigo 17. TITORÍA. Decreto 105/2014. TITORÍA EN PRIMARIA

1. A acción titorial orientará o proceso educativo individual e colectivo do alumnado, sen prexuízo das competencias e da coordinación co departamento de orientación. O profesorado titor coordinará a intervención educativa do conxunto do profesorado que incida sobre o mesmo grupo de alumnos e alumnas de acordo co que estableza a consellería competente en materia de educación, e manterá unha relación permanente coa familia, atendendo á conciliación profesional e familiar, co fin de facilitar o exercicio dos dereitos recoñecidos no artigo 4.1.d) e g) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación e no artigo 6.1 da Lei galega 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
2. Cada grupo de alumnos e alumnas terá un mestre titor ou unha mestra titora, designado/a pola persoa que exerza a dirección, por proposta da xefatura de estudos.
3. É función das persoas titoras informar regularmente aos pais, as nais ou persoas que exerzan a titoría legal do seu alumnado sobre o proceso educativos dos seus fillos e fillas. Esta información realizarase cunha periodizade trimestral e recollerá as cualificacións obtidas en cada área, así como a información relativa ao seu proceso de integración socioeducativa.

En xeral, a normativa insiste na necesidade de considerar e facer efectiva a función titorial como algo inseparable e inherente á función docente e ao propio currículum.

2. MARCO TEÓRICO CONCEPTUAL. PAT

O Plan de Acción Titorial é o marco no que se especifican os criterios e procedementos para a organización e o funcionamento das titorías. Nel deberanse incluír as liñas de actuación que os titores/as desenvolverán co alumnado de cada grupo e coas familias, así como co equipo educativo correspondente.

Concibimos a titoría como un recurso educativo ao servizo da aprendizaxe e por elo noso Plan de Acción Titorial trata de ser coherente cos principios e criterios educativos acordados no Proxecto Educativo do Centro.

A finalidade da acción titorial como parte da función docente, é responsabilidade de todo o profesorado de todas as etapas e niveles educativos e ten como finalidade contribuír á personalización e individualización dos procesos de ensinanza e aprendizaxe e as tarefas de mediación entre alumnado, profesorado e familia.

3. CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS DO CENTRO:

O CEIP de Quiroga enmárcase nunha zona rural do sureste da provincia de Lugo que abrangue unha superficie de 317,4 km² e ten unha poboación de 3500 habitantes, repartida en 22 parroquias e 123 entidades singulares de poboación. Todas as parroquias do concello son de carácter rural a excepción da de Quiroga na que está emprazada a capitalidade municipal e o centro escolar.

As principais actividades económicas son: a agricultura que empeza a rexurdir timidamente a través dos sectores vitivinícola e oleico, a minería (conta cunha canteira de lousa) e a pequena industria e o sector servizos que ocupan a maior porcentaxe de poboación activa do municipio. Nos últimos anos a capitalidade do municipio, de onde procede a maior parte do alumnado, está a evolucionar cara un tipo de zona semiurbana, converténdose a vila e dos seus arredores, no núcleo en expansión principal da poboación, mentres outras parroquias quedan despoboadas ou polo menos non hai xa poboación infantil.

Socioculturalmente, a zona pódese caracterizar en termos xerais como pertencente a un estrato baixo a medio-baixo. A desaparición no concello das

industrias extractivas de lousa, a grave crise económica sufrida a nivel mundial, e o envellecemento da poboación, supuxeron que parte da poboación se atope en condicións salariais precarias ou que se declaran con un ou dous membros da unidade familiar en paro.

A estes datos debemos engadir que nos últimos anos a poboación do noso municipio viuse incrementada pola chegada de varias familiar emigrantes procedentes de países tan diversos como China, Romanía, República Dominicana, Ucraína, Marrocos... Tamén é significativo o número de familias que retornaron á vila procedentes doutras comunidades autónomas e o feito de que no noso concello hai unha numerosa poboación de etnia xitana asentada nun poboado a dous quilómetros do centro escolar.

As relacións do centro coas familias, así como coas institucións e o concello son cordiais e de colaboración mutua.

O CEIP de Quiroga comparte profesorado co CEIP de S. Clodio nas materias de relixión católica e audición e linguaxe. Non posúe departamento de orientación propio e está adscrito ao do IES da localidade. Para o próximo ano, curso educativo 2018-2019 conta con Departamento de Orientación propio.

Ensinanzas que oferta o centro.

O CEIP de Quiroga consta dun só edificio de dúas plantas, de patio de xogos cuberto e de pista polideportiva descuberta. Ten 6 unidades de primaria e 3 de educación infantil.

O centro conta con 6 aulas de primaria, aula de relixión, aula de informática, aula de ed. musical, aula de inglés, 4 aulas de ed. infantil (unha delas para uso común de infantil), 1 biblioteca, aula de apoio e departamento de orientación. Hai ademais unha aula de audiovisuais, salón de usos múltiples. Tamén dispón de ximnasio, cociña, comedor, despachos (secretaría dirección, xefatura de estudos), local para a ANPA, sala de profesores e conserxería.

En canto ao **profesorado**, o centro conta co seguinte nº de mestres/as: 16 profesores/as en total.

- 5 especialistas de primaria.
- 1 especialista de educación física.

- 1 especialista en lingua inglesa.
- 1 especialista en lingua francesa.
- 4 especialistas e educación infantil.
- 1 especialista en educación musical.
- 1 especialista en relixión católica compartida con outro centro.
- 1 especialista en pedagogía terapéutica.
- 1 especialista en audición e linguaxe compartido co CEIP De San Clodio.

4. OBXECTIVOS DA ACCIÓN TITORIAL:

En relación co alumnado:

- Favorecer a integración do novo alumnado (facilitar a súa adaptación e interacción co grupo, en especial ao de orixe estranxeira ou con problemas de interacción social).
- Coñecer as características do alumnado a nivel persoal, familiar, socioambiental e escolar para ofrecerlle respostas educativas adecuadas que contribúan ao seu desenvolvemento integral.
- Fomentar no grupo de alumnos/as o desenvolvemento de actitudes participativas, tanto no centro como no seu contorno.
- Prever as dificultades de aprendizaxe.
- Efectuar un seguimento global dos procesos de aprendizaxe dos/as alumnos/as para detectar as dificultades e organizar os correspondentes apoios coordinado desde o departamento de orientación.
- Favorecer a convivencia, potenciando a formación en valores, o desenvolvemento das habilidades sociais e a autoestima, que facilite a adaptación social e persoal e a resolución dialogada de conflitos.

En relación co profesorado:

- Establecer unha liña de comunicación-información permanente do grupo de alumnado e co equipo docente deste.
- Favorecer procesos de mellora educativa a través da implementación de programas e desenvolvemento de actividades formativas por parte dos

equipos docentes, co asesoramento e apoio do Departamento de Orientación.

- Contribuír á mellora da coordinación garantindo a continuidade educativa entre os distintos centros, cursos e/ou etapas.
- Coordinar o proceso de avaliación dos alumnos e decidir sobre a súa promoción.

▮ En relación coas familias:

- Promover a participación das familias na labor formativa, asesorándoas e informándoas daquilo que precisen e demande, en especial da importancia da estimulación dos/as fillos/as, da promoción da súa autonomía, da potenciación dos valores, da relación familia- alumnado-profesorado e de todo aquilo relacionado co proceso de ensino-aprendizaxe.

En relación co centro:

- Participar na elaboración dos obxectivos educativos do centro e asumilos.
- Actuar como portavoz do grupo nas xuntas da avaliación.
- Manter contactos periódicos cos equipos de orientación do centro.
- Colaborar con aquelas entidades que interveñan, facilitando a atención ao alumnado.

5. FUNCÍONS DO TITOR/A EN INFANTIL E PRIMARIA.

Decreto 374/1966, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG 21/10/1996)

Artigo 80º

- A tutoría e orientación do alumnado formará parte da función docente.
- Cada grupo de alumnos terá un mestre titor que será designado polo director a proposta do xefe de estudos.

- O xefe de estudos coordinará o traballo dos titores e manterá as reunións periódicas necesarias para o bo funcionamento da acción titorial.

Artigo 81º

1. Cada mestre titor, ademais das súas tarefas docentes específicas, realizará, cando menos, as seguintes funcións:

- a) Participar no desenvolvemento do plan de acción titorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do xefe de estudos.
- b) Proporcionar no principio de curso, ós alumnos/as e ós pais, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente a calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.
- c) Coñecer as características persoais de cada alumno/a a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos validos para conseguir ese coñecemento.
- d) Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno.
- e) Efectuar un seguimento global dos procesos de ensinanza- aprendizaxe dos/as alumnos/as para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de buscar as respostas educativa adecuadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.
- f) Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para alumnos/as do seu grupo.
- g) Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro.
- h) Orientar ao alumnado dunha maneira directa no seu proceso formativo.
- i) Informar ao equipo de profesores/as do grupo de alumnos/as das características, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.
- j) Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos/as.
- k) De selo caso, organizar e presidir as sesións de avaliación.

- l) Coordinar o proceso de avaliación do alumnado do seu grupo e adoptar a decisión que proceda referente á promoción dos/as alumnos/as dun ciclo a outro, logo de audiencia dos seus pais ou titores legais.
- m) Atender, xunto co resto do profesorado, os alumnos e as alumnas mentres estes permanecen no centro nos períodos de lecer.
- n) Colaborar co equipo de orientación educativa e profesional do sector nos termos que estableza o mesmo e a xefatura de estudos.
- o) Colaborar cos demais titores/as no marco dos proxectos educativo e curricular do centro.
- p) Orientar as demandas e inquedanzas dos alumnos e mediar ante o resto de profesores, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.
- q) Facilitar a cooperación educativa entre o profesorado e os pais dos/as alumnos/as.
- r) Exercer, de acordo co proxecto curricular, a coordinación entre os demais profesores/as do grupo.
- s) Cubrir os documentos oficiais relativos ó seu grupo de alumnos/as.
- t) Controlar a falta de asistencia ou puntualidade dos/as alumnos/as, e ter informados aos pais ou titores e á xefatura de estudos.
- u) Fomentar a colaboración das familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos/as.
- v) Aqueloutras que se puidesen encomendar para o mellor desenvolvemento da acción titorial.

*Ademais das funcións derivadas das novas referencias legislativas e protocolarias: actuacións do titor recollidas no protocolo de Absentismo, Atención domiciliaria, Prevención e tratamento ao acoso escolar etc...

6. NECESIDADES DO CENTRO E OBOJECTIVOS ESPECÍFICOS DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

As necesidades que detectamos no noso centro, a fin de ter unha ampla visión do noso alumnado e traballar máis efectivamente na nosa tarefa educativa, céntranse nos seguintes aspectos:

- Manter unha convivencia sa e adecuada entre todos os sectores da comunidade educativa.
- O desenvolvemento dunha liña pedagóxica específica centrada na utilización de estratexias, destrezas, valores, técnicas de hábitos de traballo... que contribúan á consecución dos obxectivos do noso proxecto educativo.
- Coñecemento por parte dos alumnos e alumnas do vocabulario básico do curso e incorporación do mesmo á linguaxe oral.
- Valores básicos de comportamento cívico - social.
- Que as sesións de avaliación sirvan para recoller tanto o aspecto cuantitativo como cualitativo do alumno/a.
- Una maior implicación dos pais/nais ou titores/as legais do alumnado no proceso educativo dos seus fillos/as. Para atender as necesidades anteriormente expostas, plantexamos os seguintes obxectivos:

6.1.- Obxectivos específicos:

2º Ciclo de Educación Infantil.

Nesta etapa tan importante para o correcto desenvolvemento do/a neno/a, base de moitas aprendizaxes, debe ter uns obxectivos que debemos cumprir dende o Plan de Acción Tutorial para que o alumnado-titor/a-pais teñan coñecemento mutuo e sexan conscientes das necesidades de cada un, para poder intervir no caso de que sexa necesario.

1. Coñecer as características do/a neno/a, nos seguintes niveis:
 - Persoal: físico, psicolóxico, pedagóxico
 - Familiar

- Socio - ambiental

2. Axudar ao neno/a a coñecer o seu novo contorno escolar, basicamente nos seguintes ámbitos:
 - Físico: coñecer o centro, aula, servizos...
 - Social: coñecer aos seus compañeiros/as, profesorado, persoal, non docente..., e, en especial, ao seu titor/a.
3. Realizar a observación sistemática das condutas manifestadas polo/a alumno/a.
4. Favorecer a aceptación das diferenzas individuais que cada escolar presenta, así como facilitar e canalizar a integración de nenos/as con posibles deficiencias e limitacións na aula.
5. Facilitar a familiarización cos materiais, obxectos e espazos da aula especialmente a través do xogo, a dramatización e a linguaxe.
6. Facilitar a adquisición de hábitos de autonomía e auto coidado.
7. Axudar a lograr un estado emocional que facilite a súa integración no grupo, así como o seu desenvolvemento como persoa.
8. Potenciar a relación familia-escola no proceso educativo dos alumnos/as.

Educación Primaria.

Esta etapa é moi extensa e o alumnado pasará por distintas etapas moi diferenciadas. Pese a iso a escola debe seguir ofrecendo un lugar de acollida e “seguridade”, dun xeito tal que non lles custe moito familiarizarse coa nova etapa nos primeiros anos.

En 5º e 6º caracterízase polo paso da infancia á puberdade. A busca de identidade pode ir asociada a unha actitude de rebeldía e oposición. Convén asesorar ós pais sobre os cambios que se están a producir nos seus fillos e fillas e comprender as actitudes, valores e emocións dos alumnos para axudarlles na súa maduración.

1. Impulsar o desenvolvemento psicosocial dos/as alumnos/as.
 - 1.1.- Facilitar a integración do alumno/a na etapa e no grupo-clase.
 - 1.2.- Impulsar a participación dos alumnos/as nas actividades complementarias e extraescolares.
 - 1.3.- Contribuír ao desenvolvemento da socialización, ensinando a convivir de maneira pacífica e satisfactoria e educando en destrezas e habilidades sociais para a convivencia, previndo e anticipándose a condutas problemáticas que puidesen xurdir.

- 1.4.- Crear dinámicas na aula de intercambio de roles e diálogo, que axuden a establecer a propia identidade, a frear a agresividade e a traballar con situacións de conflito.
- 1.5.- Poñer en marcha un programa de técnicas de estudo e outro de habilidades sociais que facilite a adaptación persoal, social e académica dos/as alumnos/as con máis problemas.
- 2.** Optimizar os procesos de ensino-aprendizaxe.
 - 2.1.- Detectar dificultades nas aprendizaxes instrumentais: lectura, escritura, cálculo e resolución de problemas.
 - 2.2.- Artellar respostas educativas axeitadas as dificultades de aprendizaxe que se produzan.
 - 2.3.- Avaliación sistemática do proceso de ensino-aprendizaxe co fin de axustar a axuda pedagóxica necesaria en cada alumno/a.
- 3.** Coordinar o equipo docente.
 - 3.1.- Coordinar o proceso de avaliación dos diferentes profesores/as.
 - 3.2.- Axustar as programacións ás neae.
 - 3.3.- Asesorar e coordinar a avaliación e a promoción.
 - 3.4.- Coordinar a intervención do equipo de profesores/as.
- 4.** Orientar aos pais/nais no seu labor educativo.
 - 4.1.- Fomentar a participación dos pais e nais nas actividades do centro.
 - 4.2.- Proporcionarlles información sobre a marcha dos seus fillos.
 - 4.3.- Solicitalles a súa colaboración nas actividades de reforzo e apoio escolar que, no seu caso, sexan necesarias para seus fillos/as.
- 5.** Colaborar nas actividades de orientación escolar dirixidas ó paso á ESO
- 6.** Favorecer os procesos de madurez persoal, de desenvolvemento da propia identidade e sistema de valores, e da progresiva toma de decisións a medida que os alumnos e as alumnas teñan que ir adoptando opcións na súa vida.

7. CONTRIBUCIÓN DA ACCIÓN TUTORIAL AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVES.

As competencias clave deberán estar estreitamente vinculadas aos obxectivos definidos para a Educación Primaria, a Educación Secundaria Obrigatoria e o Bacharelato. As competencias clave do currículo serán as seguintes (ECD 65/2015, 21 de xaneiro).

1. Comunicación lingüística.
2. Competencia matemática e competencias básicas na ciencia e tecnoloxía.
3. Competencia dixital.
4. Aprender a aprender.
5. Competencias sociais e cívicas.
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
7. Conciencia e expresións culturais.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en mais dunha competencia ao mesmo tempo.

8. ACTIVIDADES/ TEMPORALIZACIÓN.

8.1. 2º CICLO DE ED. INFANTIL

Obxectivos	Actividades	Recursos	Temporalización
<p>➤ Axudar ao neno/a a coñecer o seu novo entorno escolar, basicamente nos seguintes ámbitos.</p> <p>Físico: coñecer o centro, aula, servicios, patio...</p> <p>Social: compañeiros/as, mestres/as, persoal non docente...</p>	<p>Presentación do/a profesor/a aos seus alumnos/as, indicando os seguintes puntos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Asentamento de cada alumno/a na aula. - Emprazamento do material na aula (mesas, armarios, archivadores, libros, ...) así como a súa utilización. - Indicarlle as normas mínimas de convivencia para fomentar os valores e o respecto aos demais. - Orientalos sobre a situación das diferentes dependencias do centro: servizos, patio, despachos, ximnasio, biblioteca etc. - Presentación do director/a, xefe/a de estudos, secretario/a, outros mestres/as, conserxe... - Recorrer as dependencias do centro. 	<ul style="list-style-type: none"> • Alumnos/as • Persoal do centro • Equipo de mestres e mestras • Dependencias 	<p>1º días de clase.</p> <p>1ª quincena</p>
<p>➤ Realizar a observación sistemática das condutas</p>	<p>Observación sistemática en diferentes actividades (as veces pode ser recomendable o uso de cuestionarios e inventarios daqueles compoñentes</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Alumnos/as • Equipo de mestres/as 	<p>Todo o curso</p> <p>No momento do traslado</p>

<p>manifestadas polo alumno/a.</p> <p>➤ Observar as condutas de tipo motórico e emocional manifestadas polo neno/a</p>	<p>condutuais manifestados polo neno/a).</p> <p>Cumprimentar o expediente de cada alumno/a, que se irá enriquecendo coa información aportada polos pais, orientadora, servizos sanitarios etc.</p> <p>Cumprimentar ao fin de curso ou en caso de traslado do alumno/a un informe individualizado que se poñerá a disposición do titor/a seguinte.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Orientadora • Documentación do/a alumno/a • Modelos de rexistro de condutas. • Departamento de Orientación. 	<p>Mes de xuño</p>
<p>➤ Favorecer a aceptación das diferencias individuais que cada escolar presenta.</p> <p>➤ Facilitar e canalizar a integración de nenos e nenas con posibles deficiencias e limitacións na aula.</p>	<p>Xogos grupais para facilitar o coñecemento e interacción dos alumnos/as.</p> <p>Traballo con grupos flexibles (rincóns) dentro da aula polos que pasarán tódolos alumnos en diferentes momentos, interactuando con distintos compañeiros cada vez.</p> <p>Facilitar, na medida do posible segundo as aptitudes, a integración dos nenos/as con deficiencias/limitación para integrarse no grupo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Alumnos/as • Equipo de mestres/as • Orientadora • Mestra de PT • Aula • Espazos comúns 	<p>Todo o curso</p>
<p>➤ Facilitar a familiarización cos materiais, obxectos e espazos da aula, especialmente a través do xogo, a dramatización e a linguaxe</p>	<p>Uso dos obxectos e materiais da aula e do entorno.</p> <p>Responsabilizalos da orde e coidado da propia aula e dos materiais.</p> <p>Utilización colectiva do material. Fomentando o cooperativismo nas actividades e os uso do material de forma grupal.</p> <p>Establecer espazos para cada neno/a: percha, colocación do material, situación na aula, fomentando o respecto aos demais tanto como os seus materiais e propiedades</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Alumnos/as • Equipo de mestres. 	<p>Todo o curso</p>
<p>➤ Facilitar a adquisición</p>	<p>Desenvolvendo destrezas e habilidades</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Alumnos/as 	<p>Todo o curso</p>

de hábitos de autonomía e auto coidado.	co vestido: poñer roupa, abotoar, desabotoar, subir e baixar a cremalleira, atar e desatar cordóns... Traballando a limpeza da roupa e o aseo en xeral: vestido, dentes, mans... Colaborando na orde da aula á saída (cadeiras, papeis...).	<ul style="list-style-type: none"> • Familias • Equipo de mestres 	
<ul style="list-style-type: none"> ➤ Axudar a lograr un estado emocional que facilite a súa integración no grupo, así como o seu desenvolvemento como persoa. ➤ Favorecer a integración na aula, a través dun bo equilibrio persoal emocional e comportamental ➤ Favorecer a comunicación cos demais compañeiros/as, a través do xogo espontáneo, do xogo dirixido e doutro tipo de actividades. 	<p>Realización de aproximacións ao neno/a por parte do mestre/a, establecendo contactos visuais, sorriso, palmadiñas... que resulten ó neno/a gratificantes, e, polo tanto, que lle axuden a sentirse seguro na nova situación.</p> <p>Realización de actividades en espazos libres con espontaneidade, a través do xogo e outras situacións agradables, facendo aproximacións progresivas as actividades de mesa.</p> <p>Fomento da intercomunicación a través do xogo dirixido, utilizando materiais (corda, pelota, xoguetes...) ou realizando xogos concretos (pita cega, corro, escondite...).</p> <p>Escenificación de situacións polos nenos/as, xa sexan propostas por eles ou suxeridas polo mestre/a.</p> <p>Contar contos, acertar adiviñas,... tratando de respectar ós demais e fomentando a colaboración entre todos.</p> <p>Realización de traballos grupais: murais, colaxes etc.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Alumnos/as • Equipo de mestres 	<p>Primeira quincena.</p> <p>Primeira quincena.</p> <p>Todo o curso.</p> <p>Todo o curso</p> <p>Todo o curso</p> <p>Todo o curso</p>
➤ Potenciar a relación familia-escola no	Reunión inicial colectiva con tódolos pais/nais da titoría para tratar os	<ul style="list-style-type: none"> • Titor/a • Equipo de 	No mes de outubro.

<p>proceso educativo dos alumnos.</p> <p>➤ Fomentar a participación dos pais e nais nas actividades do centro.</p> <p>➤ Proporcionar información as familias sobre a marcha dos seus fillos/as</p>	<p>seguintes aspectos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Información do Proxecto Educativo • Presentación dos principios obxectivos educativos da Etapa. • Material necesario para o desenvolvemento da aprendizaxe dos alumnos/as. • Comentarios sobre os hábitos de alimentación, vestido, sono, e horarios axeitados a idade dos seus fillos/as. • Información sobre a importancia da comunicación familia-centro, tendente a lograr unha axeitada colaboración para a consecución dos obxectivos educativos propostos. • Propoñer aos pais e nais reunións periódicas ó longo do curso, tanto a nivel colectivo como a nivel individual, a iniciativa de calquera das partes. • Boletín trimestral de información aos pais sobre a marcha escolar dos seus fillos/as • 	<p>mestres</p> <ul style="list-style-type: none"> • Familias dos alumnos/as. 	<p>De realización ordinaria e sistemática ó longo de todo o curso.</p> <p>Ao final de cada trimestre</p>
--	---	---	--

8.2. Actividades/Temporalización. Educación Primaria:

Obxectivos	Recursos organizativos e actividades	Ámbito de intervención	Temporalización
<p>➤ Facilitar a integración do alumno/a na etapa e no</p>	<p>Programación de aula.</p> <p>Organización do grupo (cargos, traballo en grupo, distribución do espazo na</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Grupo de alumnos/as • Equipo de 	<p>De realización ordinaria e sistemática ó longo</p>

<p>grupo/clase.</p> <ul style="list-style-type: none"> ➤ Potenciar a participación na propia dinámica de traballo e na organización da aula. ➤ Potenciar unha dinámica de grupo positiva que favoreza a interacción. ➤ Impulsar a participación dos alumnos/as nas actividades complementarias e extraescolares. 	<p>aula...).</p> <p>Actividades de participación (debates, asembleas...)</p> <p>Participación nas actividades xerais do centro (revista escolar, saídas, conmemoracións, festivais...)</p>	<p>mestres/as</p> <ul style="list-style-type: none"> • Titor/a 	<p>de todo o curso.</p>
<ul style="list-style-type: none"> ➤ Velar polo proceso de adaptación dos alumnos ao centro. ➤ Favorecer o proceso de adaptación do grupo de alumnos/as ao iniciar etapa ou ao trasladarse dende outro centro 	<p>Actividade encamiñadas a favorecer o proceso de adaptación (visita a escola, entrevista coa familia, reunión de pais...).</p> <p>Avaliación inicial (historial familiar, observación sistemática).</p> <p>Coordinación do equipo de mestres/as.</p> <p>Modelos de rexistro e preparación da entrevista.</p> <p>Instrumentos de rexistro e seguimento.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Familias dos alumnos/as. • Grupo de alumnos/as. • Alumno/a trasladado/a • Equipo de mestres/as 	<p>De realización puntual para as actividades de inicio da etapa e no caso de traslado doutro centro.</p> <p>Realización ordinaria durante todo o curso</p>
<ul style="list-style-type: none"> ➤ Coñecer, analizar e avaliar as capacidades dos alumnos/as. ➤ Realizar un seguimento individualizado do 	<p>Instrumentos de avaliación</p> <p>Coordinación das reunións de avaliación.</p> <p>Expediente do alumno/a.</p> <p>Entrevistas cos pais.</p> <p>Entrevistas individuais cos alumnos.</p> <p>Pautas e modelos de observación.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Alumnado. • Titor/a. • Equipo de mestres/as. • Orientador/a • Mestre/a de PT. 	<p>De realización continuada e sistemática durante todo o curso.</p> <p>Reunións dos Equipos de Ciclo.</p> <p>Reunións do</p>

<p>proceso escolar dos alumnos/as.</p> <ul style="list-style-type: none"> ➤ Detectar dificultades nas aprendizaxes instrumentais. lectura, escritura, cálculo e resolución de problemas. ➤ Artellar respostas educativas axeitadas as dificultades de aprendizaxe que se produzan. ➤ Avaliación sistemática do proceso de ensino-aprendizaxe co fin de axustar a axuda pedagóxica necesaria en cada alumno/a. 	<p>Instrumentos de rexistro e seguimento. Adaptacións curriculares individuais. Medidas de Reforzo educativo. Material de recuperación e intervención.</p>		<p>Departamento de Orientación. Reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica.</p>
<ul style="list-style-type: none"> ➤ Valorar as características e necesidades do grupo de alumnos/as. ➤ Realizar un seguimento do proceso escolar do grupo 	<p>Coordinación das reunións de avaliación. Programación de aula. Adaptar a programación as nee. Asesorar e coordinar a avaliación e a promoción dos cursos. Técnicas e instrumentos de avaliación. Criterios de avaliación e promoción.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Grupo de alumnos/as • Titor/a • Equipo de mestres/as • Pais/nais 	<p>De realización continuada e sistemática, ao longo do curso. Reunións dos Equipos de Ciclo</p>
<ul style="list-style-type: none"> ➤ Coordinar a intervención educativa do equipo 	<p>Programación da función titorial e programación de aula. Coordinación das reunións do equipo docente e das sesións de avaliación</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Titor/a • Equipo de mestres/as 	<p>Reunións dos equipos de ciclo, os 2º martes de cada mes. Sesións de</p>

docente cara ó grupo de alumnos/as.	do ciclo. Instrumentos e técnicas de avaliación. Criterios de avaliación e promoción. Participación nas distintas reunións de mestres/as. Expedientes académicos dos alumnos/as.		avaliación. 3 no curso.
<ul style="list-style-type: none"> ➤ Cubrir os documentos oficiais relativos ao seu grupo de alumnos/as. ➤ Controlar as faltas de asistencia ou puntualidade dos alumnos/as. 	<p>Documentos do expediente académico dos alumnos/as.</p> <p>Resultados das avaliacións.</p> <p>Rexistro de faltas de asistencia e puntualidade.</p> <p>Modelo de xustificación de ausencias a clase.</p> <p>Modelo de autorización para saír do centro en horario escolar, acompañados de seus pais ou persoas debidamente autorizadas.</p> <p>Caderno de Titoría</p>	<ul style="list-style-type: none"> • O centro • Titor/a • Os arquivos da secretaría do centro • O equipo docente • As familias 	De realización ordinaria e/ou puntual. Ao longo do curso.
<ul style="list-style-type: none"> ➤ Favorecer a participación dos pais e nais como colectivo na aplicación do proxecto educativo de centro. ➤ Informar aos pais e nais do proceso escolar dos seus fillos e fillas. 	<p>Reunións de pais.</p> <p>Modelos de preparación e rexistro das reunións.</p> <p>Información escrita (convocatorias, comunicados...)</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Familias do alumnado • Titor/a 	<p>A principio de curso (reunión colectiva)</p> <p>Trimestralmente (información escrita)</p> <p>Sempre que se considere oportuno.</p>
<ul style="list-style-type: none"> ➤ Potenciar a relación familia-escola no proceso educativo 	<p>Entrevistas con pais/nais.</p> <p>Modelos de preparación e rexistro das entrevistas.</p> <p>Datos do expediente do alumno e</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Familias do alumnado • Titor/a 	De realización ordinaria e sistemática ao longo de todo o curso.

<p>dos alumnos/as.</p> <p>➤ Intercambiar informacións mestres/familias sobre o progreso dos alumnos/as.</p> <p>➤ Solicitarlles a súa colaboración nas actividades de reforzo e apoio escolar que, no seu caso, sexan necesarias para seus fillos/as.</p>	<p>avaliación</p> <p>Informes escritos</p> <p>Informacións puntuais (notas informativas)</p>		
--	--	--	--

9. AVALIACIÓN

Axentes implicados:

Os/as titores/as a través das reunións de coordinación, a Comisión de Coordinación Pedagóxica e Claustro de mestres/as nas súas respectivas reunións.

Características da avaliación:

Continua:

Será a que se realice sobre o desenvolvemento das actividades que realiza o mestre/a titor/a mediante a observación e o rexistro no seu diario de traballo.

Criterial:

Consiste en valorar distintos aspectos do plan, tales como grao de participación dos/as alumnos/as e pais e interese das distintas tarefas, idoneidade dos distintos materiais etc.

Sumativa:

Avaliarase como un apartado máis dentro da revisión da PXA, ao remate de cada trimestre e na Memoria Anual.

Global:

Trataríase da reflexión colectiva de todo o Departamento de Orientación sobre as actuacións desenvolvidas ó longo do curso co obxecto de valorar o grao de satisfacción alcanzado, así como as dificultades atopadas no desenvolvemento dos programas co que se ampliaría a gama de novas necesidades que consecuentemente levaría á revisión do plan para o curso seguinte.

O procedemento inclúe un inventario de indicadores. Dos resultados anotaranse todas as alternativas que xurdan para a mellora do proxecto. A valoración realizarase ao inicio e á conclusión.

Indicadores para a valoración do Plan de Acción Titorial
O PAT responde ás necesidades do entorno e do alumnado.
O PAT responde ás intencións educativas actuais.
O PAT é suficientemente coñecido pola comunidade educativa.

Os obxectivos que se desenvolven estanse levando á práctica
Grao de consecución dos obxectivos e de adquisición das competencias básicas.
Adecuación e utilidade dos materiais de titoría seleccionados, así como o interese que espertan entre o alumnado.
Adecuación das actividades para lograr as competencias e o cumprimento das mesmas.
A revisión do PAT está organizada e vense desenvolvendo de forma continua para facilitar a súa adaptación .

Este Plan de acción titorial foi elaborado pola Xefa do Departamento de Orientación e presentado ao claustro o día 29 de xuño de 2018.